

Expediente de contratación 1/2017: Subministro dun sistema de almacenamento en rede, cofinanciado nun 80% por Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para axudas a infraestruturas e equipamento científico-técnico do Subprograma Estatal de Infraestruturas Científico e Técnicas.

Aclaracións técnicas ao prego en resposta ás consultas técnicas recibidas:

PREGUNTA 1

1.- No caso de incluír Switches Ethernet para a rede de xestión, ¿tamén han de cumprir todos estes requisitos?:

No caso de que a solución inclúa conmutadores de rede, ditos conmutadores cumpriran as características básicas e configuración necesarias dos equipos de conmutación de CESGA:

- Os conmutadores soportarán opción de chasis virtual ou agregado multi-chasis de maneira que poidan conectarse os nodos en modo 802.3ad a conmutadores separados.
- A conmutación debe realizarse mediante circuitos integrados especializados.
- Paso de VLANs 802.1Q
- Agregación de enlaces 802.3ad.
- Control de fluxo e dúplex segundo protocolo 802.1x
- Rapid Spanning Tree Protocol (802.1w) incluíndo mecanismos de protección BPDU guard e root protect/guard
- Soporte de multicast para IPv6 e IPv4
- Soporte NTP
- Xestión remota mediante SSH2/Telnet/SNMP v2c e v3
- Interface de xestión fóra de banda mediante interface de consola.

RESPOSTA:

Non é necesario que os conmutadores de xestión, no caso de ser incluídos, cumplan os requisitos anteriores.

PREGUNTA 2

No prego dise:

- **Probos de rendemento:** Realizaranse durante un período de 48 horas e deberán completarse de xeito satisfactorio nun tempo máximo de 14 días, que Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Unha maneira de facer Europa 11 poderá ir en paralelo co anterior. Neste tempo, o adxudicatario deberá demostrar os rendementos de ancho de banda agregado e número de

operación por segundo que teña comprometido na súa oferta. O conxunto de probas tamén incluírán a medición da potencia eléctrica usada polos sistemas.

E en aclaracións posteriores publicouse:

5.- ¿Podes indicar cal vai a ser a configuración do IOZONE para realizar as probas de rendemento. Con que tamaño de IO se van a realizar as probas?

RESPOSTA

Non existe unha configuración predeterminada de IOZONE nin un tamaño de I/O para verificar o cumprimento do requisito sobre IOZONE. O licitador ten liberdade para seleccionar os parámetros.

A pregunta en concreto é, ¿para os parámetros da proba para acceso aleatorio (4k IOPS) obrigarase a utilizar un patrón non compresible? O mesmo para as probas de caudal.

RESPOSTA:

Non se obrigará a utilizar un patrón non compresible nin para as probas de acceso aleatorio nin de caudal.

PREGUNTA 3

¿Pódese indicar sen problema a capacidade ofertada, números de discos, etc... na oferta técnica? ¿Non é incompatible coa valoración automática do sobre C?

RESPOSTA:

Si, na oferta técnica pódense indicar a capacidade ofertada, o número de discos, así como outros parámetros que NON permitan determinar as puntuacións automáticas relacionadas co sobre C, polo tanto, non son incompatibles.

Santiago de Compostela, 22 de Xuño de 2017



Javier García Tobío
Director Xerente